

NORMAS CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR
(Curso 2017/2018)

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia coa Delegación Ourenzá da Federación Galega de Atletismo, organizan para o presente curso académico o Campionato Provincial da modalidade de **CAMPO A TRAVÉS**, dentro do programa “ACTIVIDADE DEPORTIVA”, como se expón a continuación:

1.-CATEGORIAS:

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO
Benxamín (masculino e feminino)	2010-2009
Alevín (masculino e feminino)	2008-2007
Infantil (masculino e feminino)	2006-2005
Cadete (masculino e feminino)	2004-2003

2.- PARTICIPACIÓN:

2.1.- Poderán tomar parte nesta proba todos os clubs e colexios clasificados nas correspondentes fases comarcais da provincia de Ourense, que formalicen previamente a súa inscrición na páxina da Federación Española de Atletismo como se explica no punto 3 destas normas. Esta condición non exige de ter feito a mutualización obrigatoria dos/as corredores/as na web <http://www.deporteescolargalego.com/>

2.2.- Nas categorías Benxamín, Alevín e Infantil, poderán tomar parte en cada unha das probas, os **DOUS PRIMEIROS EQUIPOS** clasificados de cada zona e os **OITO PRIMEIROS ATLETAS**, se non forman parte dos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado. Na categoría Cadete, queda libre a participación.

2.3.- Cada Equipo estará formado por un mínimo de catro e un máximo de seis atletas.

2.4.- Tódolos participantes deben presentarse portando a camiseta do seu clube ou centro.

2.5.- En calquera momento, o Xuíz Arbitro da competición ou calquera membro da organización cualificado para elo, poderá solicitar a IDENTIFICACION dos participantes. Polo tanto, os

delegados de cada clube ou colexio deberán portar o día da proba o listado da identificación dos atletas dos que sexan responsables.

2.6.- Calquer aspecto non recollido nestas Normas Xerais rexirase pola normativa oficial de XOGADE (Xogos galegos deportivos en idade escolar) e o Regulamento Federativo.

3. INSCRICIÓN:

3.1.-¡¡¡MOI IMPORTANTE!!!

As inscricións deberán facerse no sistema online da RFEA como prazo máximo as **20:00 horas do xoves 25 de xaneiro de 2018**.

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓN NA INTRANET DA RFEA

- 1.- Usar as claves asignadas para o meu centro, colexio, asociación, club, etc...
- 2.- Entrar na dirección web www.rfea.es. Picar no banner superior da dereita **EXTRANET RFEA**.
- 3.- Entrar co usuario e contrasinal que me asignaron. O programa pídeme que cambie o contrasinal e faime volver a entrar co novo contrasinal. Debo apuntar e gardar este contrasinal. Con certa periodicidade o programa pedirá cambiar este contrasinal.
- 4.- Unha vez dentro da aplicación. Pinchar na opción **AREA DE COMPETICIONES** que se encuentra abajo a la izquierda.
- 5.- Desplegase un menu, pinchar na opción **INSCRIPCIONES TERRITORIALES**.
- 6.- Encher os despleables, **Temporada**, **Mes** e **Federación**.
 - Como exemplo para esta proba serían: 2017-2018, febreiro e Galicia.
- 7.- Nos resultados da búsqueda, elixir a nosa proba e facer clic na imaxen dunha tarxeta na columna inscripciones (**Insc.**, penúltima columna).
- 8.- Seleccionar **prueba** e **sexo** e facer clic en **inscribir atleta escolar**.
 - No seguinte menú que sae, filtrar pola categoría que queremos inscribir e darlle a aceptar.
 - Saenos un listado, seleccionar ós atletas que queiramos inscribir (marcamos a todos eles) e aceptar.
 - Repetir o proceso para cada Categoría.
- 9.- Unha vez finalizado o proceso de todas as inscricións, na pestaña **Inscripciones**, facendo clic na **lupa**, pedo xenerar un excell con todas as inscricións que acabo de realizar, ordenados por categoría e sexo dos atletas.



Para calquera dúbida chamar a Angel Fidalgo ó teléfono **671 052 185** ou contactar vía correo electrónico a ourense@atletismo.gal .

NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA INSCRICIÓN FÓRA DO PRAZO OFICIAL.

3.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de **DOUS** cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na **Secretaría da Competición**, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/ás corredores/as.

4. DORSAIS:

4.1.- Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaria até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

4.2.- Os/As participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

5. CLASIFICACIÓN:

5.1.- Estableceranse dúas clasificacións:

- a) **INDIVIDUAL:** Segundo a orde de chegada á Meta.
- b) **POR EQUIPOS:** Sumando os puntos obtidos polos catro (3 en Cadete) corredores mellor clasificados, resultando vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos

5.2.- Clasificaranse para disputar a Fase Galega, **OS DOUS MELLORES EQUIPOS** das categorías Alevín, Infantil e Cadete, non podendo haber dous equipos da mesma entidade ,Ademáis, clasificaranse os **OITO PRIMEIROS/AS ATLETAS** de cada categoría, sempre e cando non sexan dalgún dos equipos xa clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado.

5.3.- No caso de que algún centro educativo ou clube, de conformidade coas normas anteriores, presente varios equipos na mesma categoría, permitiráselle, se se clasifica para as seguintes fases, formar os equipos seleccionando aos/as atletas.

6. LUGAR:

COMPLEXO DEPORTIVO DE MONTERREI (PEREIRO DE AGUIAR)

7. DATA:

PROBA	PARTICIPANTES	DATA
FINAL PROVINCIAL	COMPLEXO MONTERREI	Sábado 03/02/2018

8. HORARIO:

PROBA		CAMARA DE CHAMADAS	
CATEGORIA	HORA COMENZO	APERTURA	PECHE
CADETE MASCULINO	11:00	10:40	10:50
CADETE FEMININO	11:25	11:05	11:15
INFANTIL MASCULINO	11:45	11:25	11:35
INFANTIL FEMININO	12:05	11:45	11:55
ALEVIN MASCULINO	12:15	11:55	12:05
ALEVIN FEMININO	12:30	12:10	12:20
BENXAMIN MASCULINO	12:40	12:20	12:30
BENXAMIN FEMENINO	12:50	12:30	12:40
ENTREGA DE TROFEOS	Iransen realizando entregas ó acabar as carreiras		

NOTAS:

- Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsabeis ou delegados/as poranse en contacto co Presidente da súa Agrupación que contactará co Servizo Provincial de Deportes, unha vez formalizada a inscrición.
- Darase pic-nic ó rematar as competicións ós participantes e reponsables que deberán confirmar o seu número antes do luns 29 de Xaneiro de 2018 ás 12:00 horas.

Ourense, a 15 de XANEIRO de 2018

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR